



DATOS IDENTIFICATIVOS

Segundo idioma estranxeiro III: Portugués

Materia	Segundo idioma estranxeiro III: Portugués			
Código	V01G180V01306			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Baltrusch , Burghard			
Profesorado	Baltrusch , Burghard			
Correo-e	burg@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Nesta materia trátase de adquirir coñecementos intermedios de Lingua Portuguesa, chegando ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, xunto con coñecementos sobre as culturas de expresión portuguesa no mundo.</p> <p>Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo está dirixido a persoas que teñen o Galego e/ou o Castelán como linguas maternas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda a inscrición a estudantes Erasmus que non teñan xa un nivel B2 nestas línguas e, como mínimo, un nivel B1 alto en Lingua Portuguesa.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

C17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C20	Mostrar un coñecemento medio-alto do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de civilización.
C22	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.
C147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento medio-alto da lingua portuguesa como segundo idioma estranxeiro, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de civilización.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B5 B10	C17 C20
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma portugués co propio.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B5 B10	C17 C22
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B7 B10	C20 C22 C147

Contidos

Tema	
Contidos gramaticais	Contidos gramaticais relacionados co nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
Contidos léxicos	Revisión dos contidos lexicais de Segundo Idioma II: Portugués. Contidos lexicais relacionados co nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Continuación e afondamento dos contidos de Segundo Idioma II: Portugués sobre correspondencia formal e falsos amigos.
Contidos pragmáticos	Revisión dos contidos de Segundo Idioma II: Portugués sobre falsos amigos e expresións idiomáticas; presentacións temáticas; argumentación; narrativa breve.
Contidos avanzados de cultura lusófona	Continuación e afondamento dos contidos de Segundo Idioma II: Portugués sobre: Historia de Portugal; Historia de Brasil; Historia dos países africanos lusófonos; Historia da literatura lusófona; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da Lusofonía. Elementos de tradución e cultura.
Contidos de tradución	Tradución pt-es/gl de idiomatismos, falsos amigos e frases soltas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	20	28
Resolución de problemas	7	20	27
Traballos de aula	5	15	20
Outros	15	20	35
Eventos docentes y/o divulgativos	5	0	5
Probas de resposta curta	2	4	6
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	10	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	5	5	10
Outras	3	4	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesiões teóricas: explicacións teóricas gramaticais; exercicios gramaticais e de civilización lusófona.
Resolución de problemas	Sesiões prácticas: exercicios prácticos de produción escrita e oral, e revisión de deberes.
Traballos de aula	Sesiões prácticas: exercicios gramaticais e revisións que requiren unha preparación previa por parte dos alumnos. Traballo en grupo: interacción a través de exercicios prácticos de produción escrita e oral.
Outros	Actividades relacionadas cos traballos propostos.
Eventos docentes y/o divulgativos	Asistencia a conferencias, seminarios, películas ou outras actividades relacionadas co contido da disciplina.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Algunhas clases serán dedicadas exclusivamente á resolución de exercicios gramaticais, destacando as diferenzas entre portugués, galego e castelán. Terá prioridade nestas clases os temas referentes á escrita.
Traballos de aula	Desenvolvemento de actividades en clase con foco na expresión oral. Exhibición de vídeos e audios para a comprensión auditiva e expresión oral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Exercicios orais e escritos a realizar durante as clases.	20	A2 B1 C20 A4 B3 A5 B5
Traballos de aula	Realización/presentación de varios traballos - individuais ou en grupos, sobre temas diversos (gramática, léxico, pragmática e cultura lusófona).	25	A1 B1 C22 A2 B3 C147 A3 B7 A4 B10
Probas de resposta curta	Unha proba escrita sobre contidos de civilización lusófona e sobre elementos de tradución e cultura portuguesa (a realizar en novembro).	20	A1 B1 C20 A2 B5 C22 A4 B7 A5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. O exame realizarase na última sesión de clase.	15	A1 B3 C17 A3 B5 C20 A5 C147
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Diferentes exercicios prácticos orais a realizar nas clases. Exercicios de tradución oral. Proba oral individual (última semana de clase).	20	A1 B1 C17 A2 B7 C20 A4 C22 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre en cuestión, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. supra descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación **única**.

Recoméndase optar polo primeiro (avaliación continua) unha vez que se trata do ensino dunha lingua estranxeira, sendo moi recomendable asistir con regularidade ás aulas. Quen non teña a posibilidade de asistir de forma regular ás aulas debe comunicalo ao profesor. Non realizar as probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, terá como consecuencia unha clasificación de 0 (cero) puntos na mesma.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT (dispoñible en <http://fft.webs.uvigo.es/horarios-curso-académico>). A data do exame oral será acordada co profesor/a e terá lugar dentro do período de exames. A proba oral será gravada en formato audio, coa debida autorización da/do estudante. É preciso superar ambos os exames (escrito e oral) para obter unha clasificación positiva e, en caso de suspenso nunha deles, ambos terán que ser repetidos na convocatoria de nullo.

A **avaliación única**, cuxa data será indicada no calendario oficial da FFT, consiste nunha proba escrita, seguida doutra proba oral que se realizará o mesmo día (en salas de aula continua). A avaliación única será valorada da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da clasificación final.

2. Proba oral: 25% da clasificación final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela presupón que o/a estudante autorice a gravación.

Quen falte sen xustificación a unha das dúas probas, quedará suspenso cunha clasificación de 0 (cero) valores na mesma.

É preciso superar ambos os exames (escrito e oral) para obter unha clasificación positiva e, en caso de suspenso nunha deles, ambos terán que ser repetidos na convocatoria de xullo.

Os mesmos criterios de avaliación serán aplicados na **segunda edición das actas (xullo)**. Neste caso, a data da proba escrita será a data indicada no calendario oficial da FFT (<http://fft.webs.uvigo.es/horarios-curso-academico>). A proba oral realizarase o mesmo día, inmediatamente a continuación ao exame escrito. É preciso superar ambas as probas para obter unha clasificación positiva na materia.

A copia ou o plaxio nos respectivos exames de avaliación continua ou única será penalizado cunha cualificación de 0 (cero) puntos.

Recoméndase ao alumnado, independentemente do sistema de avaliación escollido, a asistencia regular ás aulas e ás tutorías, como tamén, a consulta dos materiais e informacións específicos na plataforma de teledocencia Faitic.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade para o ano académico 2017-2018.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Dicionário e Tradução,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

únior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 2**, Lidel, 2012

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, 6, Lexikon Editorial, 2013

Bibliografía Complementaria

Dicionário Temático da Lusofonia, Porto Editora, 2010

Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Corrector ortográfico e sintáctico,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Segundo idioma estranxeiro IV: Portugués/V01G180V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Portugués/V01G180V01207

Outros comentarios

Un bo nivel en lingua galega favorecerá a comprensión dos contidos de lingua portuguesa nesta materia.

A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez en lingua portuguesa.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.